

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 23 DE NOVEMBRO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e tres de novembro de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE GOBRNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación da prestación do servizo de comida no centro de día “Antonio Gandoy”, exp. ref. 2022-C003-000009.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación dun servizo de mantemento integral (preventivo e correctivo) dos equipos e compoñentes que forman parte dos equipos de protección respiratoria (ERA), así como os seus equipos auxiliares, botellas de aire comprimido, compresores de carga, rampla de carga, equipos de escape, traxes de protección química e detectores de gases, do servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento (speis) do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2022/C003/000029.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación dun servizo de mantemento preventivo e correctivo de autoescaleiras do speis do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación, exp. ref. 2022/C003/000030.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto; adxudicación por procedemento aberto na contratación de subministración de emulsión bituminosa para o mantemento de toda a rede de camiños municipais e a apertura do procedemento de contratación, ref. exp 2022/C004/000023.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8940247228881869228.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23-11-2022

2. SERVIZO DE FOMENTO.- Acórdase a aprobación da segunda addenda modificativa do convenio de colaboración asinado entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A., e o Concello de Lugo sobre o financiamento, execución, mantemento e conservación das obras do proxecto de actuacións para reducir o risco de inundación do río Rato no contorno da glorietta da rúa Serra de Meira. T.M. Lugo.

3 PERSOAL.- Acórdase a prórroga das comisións de servizos de tres postos de traballo de policía local do Concello de Lugo.

Acórdase a aprobación das bases que rexerán o concurso para a provisión de postos de traballo singularizados e non singularizados no Excmo. Concello de Lugo.

Tamén se acorda o compromiso de incorporación de 4 prazas de bombeiro condutor, unha praza de técnico medio, e unha praza de técnico/a de educación infantil na oferta pública de emprego deste Concello para o ano 2023.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

4. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para cambio da cuberta dunha foxa de xurro, que pasa de ter unha estrutura a dúas augas de panel tipo sándwich; a estrutura a unha auga e con material de fibrocemento negro, como modificado do proxecto de ampliación de foxa de xurro, con licenza expediente 2021/Y001/000076, en execución, no lugar de Vilar, parroquia de Recimil (exp. 2022/Y001/000247); para parcelamento da parcela con referencia catastral 6364602ph1666s0001tm, sita na avda. Benigno Rivera, número 4, en tres parcelas independentes A, B e C (exp. 2021/Y005/000008); para construción de nave destinada a almacén de aveños de labranza e maquinaria agrícola para labores de autoconsumo en Orbazai (exp. 2021/Y001/000184) e para construción de vivenda unifamiliar illada na rúa Bustelo, número 9 (exp. 2021/Y001/000203).

5. XESTIÓN URBANÍSTICA.- Acórdase a declaración de inadmisibilidade da solicitude de revisión de oficio do acordo da Xunta de Goberno Local número 16/68, do 10 de febreiro de 2021, "Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Proxecto de expropiación forzosa das parcelas non incorporadas á xunta de compensación do sector II do Sunp "IN-G", polígono 3, Concello de Lugo", e da suspensión da súa execución, instada o 17 de febreiro de 2022.

ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

6. DESENVOLVEMENTO LOCAL.- Acórdase solicitar ao Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) da formalización dun novo contrato de alugamento de sete locais de negocio, así como da resolución dos contratos de dous locais de negocio,

situados no barrio da Tinería.

7. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a adxudicación directa das subvencións previstas nominativamente nas bases de execución do orzamento xeral do Concello de Lugo e aprobación dos respectivos convenios entre o Concello de Lugo e as entidades que desenvolven a súa actividade no eido dos servizos sociais (exercicio económico 2022).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.